

ACTA DE APERTURA DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, "SOBRES B", DO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE AMES. PAI 2016

Na Casa Consistorial de Ames sendo as once horas do día 20 de setembro de 2016, réunese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación **DO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE AMES.**

ASISTENTES:

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

No acto de apertura non se atopa presente ningún licitador.

Na sesión da mesa de contratación, de data 28 de setembro de 2016, procedeuse á apertura dos sobres "A", que contiñan a documentación administrativa.

Antes de proceder á apertura dos sobres "B" que contén os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, o secretario, a indicacións do presidente da mesa procede a dar lectura ós preceptos legais e demais particulares do expediente, así como da acta levantada ó efecto ó día 28 de setembro.

Tras a lectura das proposicións, sen que se observase ningún defecto, acórdase, por unanimidade, dos membros presentes:

PRIMEIRO.- Remitir as proposicións aos servizos técnicos para a súa valoración de acordo cos criterios e a ponderación establecidos no prego.

SEGUNDO.- Nomear como técnica responsable da valoración das referencias técnicas do procedemento en curso á arquitecta técnica municipal, María Gamundi Fernández.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as once horas e vinte e dous minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretario, certifico.

